

**ORDE do 9 de febreiro de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos, para a elaboración e implantación de plans de protección civil para risco de incendios forestais de ámbito municipal e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460E).**

O Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia (DOG núm. 81, do 24 de abril) e o Decreto 136/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101, do 27 de maio), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, determinan que esta, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 5/2007, do 7 de maio, de emerxencias de Galicia, define no seu artigo 31 punto 3, que serán obxecto de plans especiais de protección civil, nos ámbitos territoriais que sexan precisos, as emerxencias producidas por inundacións, movementos sísmicos, riscos químicos, transporte de mercadorías perigosas, incendios forestais e todas aquelas outras que se determinen por parte dos órganos competentes. Os plans especiais de ámbito municipal ou supramunicipal integraranse nos plans de protección civil correspondentes.

O Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, PEIFOGA, establece que aqueles municipios con todo ou parte do seu territorio en zonas de alto risco, ZAR, así como aqueles con índice de risco potencial alto ou moi alto, deberán redactar o plan de actuación municipal.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (artigo 25.2. parágrafo f), así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (artigos 80, 81 e 82) determinan que o concello, como entidade básica da organización territorial do Estado, é a vía de participación da cidadanía en diferentes materias tales como a protección civil, as emerxencias e a prevención de riscos.

Con todo, tendo en conta que o exercicio e desenvolvemento da competencia municipal sinalada no artigo 80.2.a) da citada Lei 5/1997, do 22 de xullo, implica para os concellos un gran esforzo, tanto en recursos humanos como materiais, a Xunta de Galicia atopa interese en colaborar cos concellos de Galicia para a elaboración, revisión e implantación dos plans de actuación municipal para o risco de incendios forestais.

No marco xurídico descrito, é necesario sinalar que a Xunta de Galicia ten, entre os seus obxectivos, potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos municipios. Neste sentido o Goberno da Xunta de Galicia, en concordancia cos principios de cooperación, interese público e responsabilidade, marcouse como obxectivo colaborar cos municipios para que teñan planificada a resposta ante emerxencias por incendios forestal no seu ámbito territorial, e así minimizar os danos en caso de materializarse este risco, e desta forma prestar servizos de calidade á cidadanía, optimizando os recursos económicos das administracións mediante fórmulas que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Por tanto, esta orde expónse como unha medida que potencie a seguridade dos cidadáns, a través da elaboración, revisión e implantación dos plans de actuación municipal para o risco de incendios forestais.

Esta convocatoria tramítase como anticipada de gasto, de acordo coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, e co establecido no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 17 de outubro de 2025, na cal se acordou a súa remisión ao Parlamento de Galicia para a súa tramitación.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes quere establecer con esta orde un instrumento que, acomodándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, conforme os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á mellora e equipamento dos concellos en tarefas de prevención de riscos en emerxencia e protección civil, de acordo cos principios recolleitos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Na súa virtude, no uso das facultades que teño atribuídas, polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. Obxecto e definicións

1. Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2026, destinadas ao financiamento dos gastos que realicen os municipios cunha poboación inferior a 10.000 habitantes, na elaboración, revisión e implantación do plan de actuación municipal para o risco de incendios forestais, código de procedemento PR460E.

2. En ningún caso será obxecto de subvención nesta convocatoria, a elaboración, revisión e implantación de plans de actuación municipal para o risco de incendios forestais que non cumpran coas prescricións que para eles establécense no plan territorial de emerxencias de Galicia, PLATERGA, nin no Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia, PEIFOGA.

3. O procedemento de concesión destas subvencións, dacordo co establecido no artigo 19.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tramítase mediante o rateo entre as entidades, do importe global máximo destinado á subvención, segundo os criterios fixados no artigo 5 da orde.

## Artigo 2. Financiamento

1. Esta orde finánciase con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia do ano 2026, a través do crédito consignado na aplicación 05.06.212A.460.3, dos orzamentos da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, por importe total de 330.000 €.

2. Existe a posibilidade de ampliación de crédito nos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Nestes casos, o órgano concedente deberá publicar a ampliación de crédito nos mesmos medios que a convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio de novo cómputo de prazo para resolver.

3. Esta convocatoria tramítase ao amparo do artigo 25.1.a) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como expediente anticipado de gasto, e existe crédito suficiente previsto no proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2026.

4. Así mesmo, estará sometida ao regulado na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas ordes da mesma consellería do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001.

5. Ao amparo desta normativa, o crédito previsto no punto 1 deste artigo e, por tanto, a concesión das subvencións, queda sometido á condición suspensiva de

existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2026 para financiar as obrigacións derivadas da convocatoria.

### Artigo 3. Beneficiarios

Poderán ser beneficiarios os municipios galegos de menos de 10.000 habitantes que cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter obriga de contar con plan de actuación municipal ante o risco de incendios forestais, conforme se determina no plan PEIFOGA.
2. Ter presentadas as contas ás que se refire o artigo 208 e seguinte do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, correspondentes ao exercicio orzamentario 2024 no Consello de Contas de Galicia.

### Artigo 4. Actuacións e gastos subvencionables

1. Será subvencionable os gastos nos que incurran os concellos entre o 1 de xaneiro de 2026 e o 1 de novembro de 2026, para a elaboración ou a revisión do plan de actuación municipal para o risco de incendios, para aqueles concellos que teñan obriga de elaborar o plan. Para ese efecto, como anexo I a esta resolución, inclúese a relación daqueles municipios de menos de 10.000 habitantes que teñen obriga de contar con plan de actuación municipal para risco de incendios e non contan aínda con el, e no anexo II aqueles municipios con menos de 10.000 habitantes que ten plan de actuación municipal para risco de incendios homologado e deben revisalo.

As gastos subvencionables serán os seguintes:

- a) Os gastos relativos a servizos técnicos profesionais que respondan á elaboración ou revisión dos correspondentes plans de actuación municipal para o risco de incendios forestais, incluíndo os gastos de implantación .

- b) En caso de elaborar o plan con persoal propio do municipio, os gastos do devandito persoal na parte correspondente: salarios, soldos e cotizacións á Seguridade Social do persoal coa cualificación necesaria para a elaboración de plans de actuación municipal para o risco de incendios forestais.
2. Todos os gastos realizados, deberán ser realizados e pagados polo solicitante entre o 1 de xaneiro e o 1 de novembro de 2026.

#### Artigo 5. Contía e intensidade da subvención

1. A contía da subvención a cada solicitante calcularase da seguinte forma:

a) obter o sumatorio do número de solicitudes admitidas dos concellos do anexo I (concellos que non teñen plan de actuación municipal ante incendios municipais homologado) máis o 40% de solicitudes admitidas dos concellos do anexo II (concellos que teñen plan de actuación municipal ante incendios forestais homologado).

b) O importe total da orde de axudas consignado no artigo 2.1. dividirase entre a cifra obtida no apartado anterior.

c) Cada un dos municipios do anexo I recibirá o importe obtido no apartado b) e cada unha dos municipios do anexo II recibirá o 40% do importe obtido no apartado b).

2. O importe das subvencións reguladas na presente Orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos, ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

3. Os municipios deberán participar con, polo menos, o 25% do financiamento das actuacións obxecto da subvención, polo que o importe para pagar será como máximo o 75% do custo total xustificado.

## Artigo 6. Forma e prazo de presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado (Anexo III) dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que sexa realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e firma admitidas pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

4. O prazo de presentación de solicitudes será de un mes e comezará a computarse transcorridos cinco (5) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, a partir das 9:00 horas. No caso de que o día de inicio do prazo sexa inhábil, o prazo comezará o día hábil seguinte, tamén ás 9:00 horas. O día de finalización do prazo, poderán presentarse as solicitudes ata as 20:00 horas.

Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non existe día equivalente ao de publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

5. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación sen condicións das presentes bases reguladoras.

6. O feito de non axustarse aos termos da convocatoria, así como a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera outra manipulación da información, será causa de inadmisión da solicitude, sen prexuízo do disposto nos artigos 54 a 56 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 7. Documentación complementaria

1. Os municipios interesados deberán anexar co anexo III da solicitude, debidamente cumprimentado, a seguinte documentación:

a) Certificación emitida e asinada electrónicamente pola persoa responsable da secretaría do municipio solicitante, no modelo do anexo IV, na cal se faga constar:

i. O acordo do órgano municipal competente do municipio polo cal se solicita a subvención para actuacións concretas que se pretenden desenvolver ao amparo desta orde e acéptanse as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nela.

Este acordo deberá estar adoptado antes o vencemento do prazo de presentación de solicitudes e nel constará expresamente que se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde.

ii. A remisión da conta xeral do municipio ao Consello de Contas de Galicia, correspondente ao exercicio orzamentario de 2024, á cal fai referencia o artigo 3.2 desta orde.

No certificado quedará acreditado que esta remisión efectúese antes do vencemento do prazo de presentación de solicitudes, polo que se consignará a data de envío ao Consello de Contas e non se admitirán aquelas en que non se faga constar esta data de remisión.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que sexa realizada a emenda.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias anexadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberánse indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que se vaian a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no punto anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 8. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

#### Artigo 9. Defectos na solicitude e outra documentación

1. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, que é o órgano competente para a instrución do procedemento, notificaralles aos municipios solicitantes os defectos emendables nas solicitudes e, de conformidade co previsto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, daralles un prazo máximo e improrrogable de dez (10) días para emendar os erros ou omisións, coa indicación de que, de non facelo así, consideraranse desistidas da súa petición, tras a resolución que se deberá ditar nos termos do artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. Se algunha documentación das solicitadas neste artigo xa consta en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior e non se producise desde o momento en que foi presentada ningunha variación que afecte o seu contido ou vixencia, non será necesario anexala de novo. Neste caso, o municipio solicitante indicará a data e o procedemento para os cales foron presentados ou emitidos, no seu caso, sen prexuízo do previsto con carácter xeral no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior poderá requirir aos municipios solicitantes para anexar cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a correcta verificación da solicitude ou para a súa tramitación e resolución.

#### Artigo 10. Instrución e resolución

1. Finalizado o prazo para a presentación das solicitudes, revisadas estas e a súa documentación e feitas as correccións necesarias, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e conteñan a documentación preceptiva, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior elevará proposta á persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, quen resolverá.



2. A resolución notificaráselles a todas as entidades interesadas segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, mediante a publicación no Diario Oficial de Galicia segundo o previsto no artigo 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Así mesmo, de conformidade co artigo 23.5 da mesma lei, o vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

3. Contra esta resolución, as entidades interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso-administrativo que corresponda.

6. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos de subvención iniciados en virtude desta orde será de tres meses contados desde o día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia. A non resolución no prazo establecido dará lugar ao silencio negativo do procedemento.

#### Artigo 11. Notificacións

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos efectuaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas efectuaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de

notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitiralle ás persoas interesadas avisos da posta **a** disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter a súa dirección electrónica habilitada única a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán, de oficio, crear a indicada dirección, para os efectos de asegurar que as persoas interesadas cumpran a súa obrigaición de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse efectuadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorresen dez (10) días naturais desde a posta ao dispor da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, efectuarase polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

## Artigo 12. Aceptación

1. A entidade beneficiaria dispoñerá dun prazo de dez (10) días, contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, para comunicar a aceptación da subvención e das condicións contidas nela, ou ben comunicar a renuncia á subvención concedida.

2. Transcorrido o prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a subvención.

### Artigo 13. Xustificación e pago

1. O abono da subvención farase efectivo unha vez que se acredite debidamente o cumprimento do obxecto para o cal foi concedida mediante a presentación da certificación emitida e asinada pola persoa responsable da secretaría do municipio, emitida no modelo do anexo V para o caso da contratación de servizos técnicos profesionais, e no modelo do anexo VI para o caso de elaborar o plan con persoal propio do municipio. Na certificación se fará constar:

a) O acordo de aprobación polo órgano competente do municipio dos gastos totais soportados imputables á actuación subvencionada, no cal conste que se cumpriu a finalidade para a que foi concedida a subvención, que inclúa o importe dos gastos.

b) No suposto de contratación da elaboración do plan de actuación municipal para o risco de incendios forestais, identificación do acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. No suposto de gastos de persoal propio, certificación que inclúa unha relación do persoal técnico implicado na elaboración do plan, detallando o nome e apelidos do traballador, categoría profesional, número de afiliación á seguridade social, grupo de cotización, número de horas dedicadas ao proxecto, importe total imputado e datas de inicio e final do seu traballo.

c) Exemplar en soporte dixital do plan subvencionado.

d) Que, segundo informe da intervención municipal, tomouse razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obrigación, dos gastos correspondentes á execución das actuacións subvencionadas, en cumprimento das obrigas de publicidade establecidas na alínea 10 do artigo 14 desta orde.

e) Que, segundo informe da persoa secretaria do concello, a contratación do servizo se realizou consonte a normativa de contratación do sector público.

2. Á vista desta documentación, o órgano competente da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes expedirá unha certificación acreditativa do cumprimento polo municipio beneficiario, dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos nestas bases reguladoras para proceder ao pago da subvención.

3. Cando o gasto debidamente xustificado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, mantendo constante a porcentaxe de financiamento establecido na resolución de concesión.

En ningún caso o menor custo de execución pode supoñer unha execución deficiente da actuación subvencionada e a entidade beneficiaria da subvención debe cumprir as condicións da concesión e a finalidade ou obxectivos para os cales se concedeu a axuda.

4. A data límite para presentar a documentación xustificativa da subvención será o 1 de novembro de 2026.

#### Artigo 14. Obrigacións dos municipios beneficiarios

o

Sen prexuízo das demais obrigacións establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, as entidades beneficiarias das axudas concedidas ao amparo desta orde quedan obrigadas a:

1. Cumprir co obxectivo de elaborar o plan seguindo a *Guía para elaborar ao PAM para o risco de incendios forestais* que está a disposición na web <https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/es/plans-de-emerxencia> así como os criterios técnicos comúns que se indiquen na resolución de concesión da axuda para efectos de garantir a homoxeneidade, compatibilidade xeoespacial e integración da información no geoportal de protección civil da Xunta de Galicia.

2. Remitir o plan subvencionado á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para homologar por parte da Comisión Galega de Protección Civil, con carácter previo á súa aprobación no Pleno do concello.
  
3. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade que fundamentou a concesión da subvención e o seu custo real, nos prazos e na forma establecidos nestas bases reguladoras e demais normativa de aplicación.
  
4. Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e executar a totalidade das actuacións que integran o proxecto presentado xunto coa solicitude que fundamentou a resolución de concesión, sen prexuízo das modificacións das características do proxecto subvencionado que o órgano competente poida autorizar conforme as prescricións da normativa de aplicación.
  
5. Realizar o proceso de tramitación e adxudicación da contratación conforme as prescricións contidas na lexislación sobre contratación administrativa dos municipios e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas. Serán as entidades locais contratantes as responsables directas das consecuencias que poidan derivar dos incumprimentos.
  
6. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
  
7. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.



8. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme a disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o exercicio 2006, e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A aceptación da axuda supón a súa publicación nunha lista pública de beneficiarios.

9. Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, e prestar colaboración e achegar canta información sexalles requirida no exercicio das actuacións anteriores.

10. Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto da subvención, de acordo co establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A estes efectos, se incluírá na portada do documento unha alínea na que se indicará que foi financiado pola Xunta de Galicia.

11. Proceder ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas, se as houberse, xunto cos xuros de demora correspondentes, seguindo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes casos:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.

b) Incumprimento da obrigaón de xustificar a efectividade dos pagos derivados da execución do proxecto subvencionado, nos termos establecidos no artigo 13 desta orde.

c) Se o custo efectivo final da actuación resulta inferior ao importe pago da subvención, procederá o reintegro proporcional. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a

achega debe conseguir respecto ao custo total, de conformidade co previsto no artigo 5 destas bases reguladoras.

d) O incumprimento das normas e condicións relativas á contratación, contidas nestas bases e demais normativa de aplicación.

e) Incumprimento das obrigacións establecidas nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos supostos establecidos no artigo 33 da devandita Lei de subvencións de Galicia ou calquera outro que resulte da normativa aplicable.

#### Artigo 15. Perda do dereito á cobranza da subvención e reintegro

1. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable á subvención, constitúen causas de perda do dereito á cobranza da subvención ou, no seu caso, de reintegro das cantidades percibidas, as seguintes:

a) Non achegar a documentación xustificativa en tempo e/ou en forma ou a súa presentación insuficiente ou incompleta con respecto aos termos esixidos nestas bases reguladoras. A falta ou insuficiente xustificación implicará que non se teñan por realizados as actuacións subvencionadas nin o gasto, polo que a perda de dereito será total.

Compréndense neste suposto a inclusión de gastos que non corresponden ao proxecto subvencionado ou aqueles xustificados con documentos que non reflecten a realidade das operacións.

b) O incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención, tanto nestas bases reguladoras como na normativa xeral de subvencións. En particular, e sen prexuízo doutros supostos aplicables, consideraranse incumprimentos das condicións establecidas os seguintes:

i. O recoñecemento da obrigaón dos gastos para a realización das actuacións subvencionadas fóra das datas límite fixadas no artigo 14.4 destas bases reguladoras.

ii Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

iii. O incumprimento dos deberes establecidos nos artigos 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos supostos establecidos no artigo 33 da esta Lei de subvencións de Galicia, sen prexuízo de calquera outro que resulte da normativa aplicable.

2. A perda do dereito ou o reintegro serán da totalidade da subvención.

3. O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobranza da subvención e para facer efectivo o reintegro a que refírese o punto anterior será establecer no título II da Lei 9/2007.

#### Artigo 16. Concorrenxia de axudas e subvencións públicas

1. Estas subvencións son compatibles coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2. Con todo, o importe das subvencións reguladas nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrenxia con subvencións ou axudas, para a mesma finalidade, doutras administracións ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou internacionais, coas que é compatible, supere o custo da actividade que vai desenvolver a entidade beneficiaria ou, no seu caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

#### Artigo 17. Alteración dos modelos normalizados

1. Non se aceptará ningún modelo normalizado que os municipios solicitantes ou beneficiarios deban presentar segundo as prescricións destas bases reguladoras, que conteña emendas ou ralladuras.
2. Calquera observación ou aclaración que as persoas interesadas necesiten engadir con respecto ao contido dos modelos normalizados realizarase nun documento aparte.
3. O incumprimento desta norma podería dar lugar á inadmisión da solicitude, á perda do dereito á cobranza da subvención ou ao seu reintegro.

#### Artigo 18. Publicidade dos datos

1. Transmitirase á Base de datos nacional de subvencións o texto da convocatoria e a información requirida por esta, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións.

A cesión de datos de carácter persoal que, no seu caso, débese efectuar á Intervención Xeral da Administración do Estado para os efectos de publicar as subvencións concedidas na Base de datos nacional de subvencións non requirirá o consentimento da entidade beneficiaria.

2. A relación de subvencións concedidas publicarase no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, serán igualmente obxecto de publicidade a través da páxina web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpapx.xunta.gal/axudas-e-subvencions>).

## Artigo 19. Modificación

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión, de acordo co artigo 17.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Estas bases habilitan para autorizar as modificacións das actuacións subvencionadas atendendo os obxectivos e requisitos da orde e ao cumprimento da normativa de aplicación, en particular o establecido no artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A autorización para a modificación acordarase por resolución do órgano competente para a concesión destas axudas, sempre que non se cause prexuízo a terceiro.

3. Malia o anterior, e sen necesidade de instar procedemento de modificación de subvención, poderanse aceptar variacións nas partidas de gasto do proxecto subvencionado sempre que as variacións non superen en conxunto o 20% do orzamento total, que non aumente o importe total do gasto aprobado e que non desvirtúen as características das actuacións e condicións que foron tidas en conta para a resolución de concesión.

## Artigo 20. Transparencia e bo goberno

1. Deberá darse cumprimento ás obrigacións de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a fornecer á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigacións previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 21. Recursos contras as bases reguladoras e a convocatoria

Contra estas bases reguladoras e a convocatoria cabe interpoñer os seguintes recursos:

1. Potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

2. Directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

#### Disposición final primeira. Delegación de competencias

Delegase na persoa titular da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior a competencia para resolver os procedementos de subvención que se inicien en virtude desta orde, de conformidade co previsto no artigo 3 da Orde do 12 de xuño de 2024 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica e noutros órganos desta consellería (DOG núm. 117, do 18 de xuño).

#### Disposición final segunda. Desenvolvemento da orde

Autorízase á persoa responsable da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións, aclaracións e interpretacións necesarias para o desenvolvemento e execución desta orde.

Disposición final terceira. Lexislación aplicable

En todo o non previsto nesta orde rexerá a normativa xeral en materia de subvencións contida na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ademais do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Disposición final cuarta. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, 9 de febreiro de 2026

Diego Calvo Pouso

Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes



**ANEXO I**  
**CONCELLOS QUE DEBEN ELABORAR O PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O**  
**RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS**

<b>Provincia</b>	<b>Código INE</b>	<b>Concello</b>
A Coruña	15001	Abegondo
A Coruña	15003	Aranga
A Coruña	15007	Baña, A
A Coruña	15013	Brión
A Coruña	15016	Camariñas
A Coruña	15020	Carnota
A Coruña	15021	Carral
A Coruña	15023	Cee
A Coruña	15024	Cerceda
A Coruña	15029	Coristanco
A Coruña	15032	Curtis
A Coruña	15033	Dodro
A Coruña	15034	Dumbría
A Coruña	15037	Fisterra
A Coruña	15040	Laxe
A Coruña	15042	Lousame
A Coruña	15043	Malpica de Bergantiños
A Coruña	15045	Mazaricos
A Coruña	15046	Melide
A Coruña	15047	Mesía
A Coruña	15050	Monfero
A Coruña	15052	Muxía
A Coruña	15055	Neda
A Coruña	15056	Negreira
A Coruña	15061	Ortigueira
A Coruña	15062	Outes
A Coruña	15064	Paderne
A Coruña	15065	Padrón
A Coruña	15067	Pobra do Caramiñal, A
A Coruña	15068	Ponteceso
A Coruña	15071	Porto do Son
A Coruña	15074	Rois
A Coruña	15077	Santa Comba
A Coruña	15079	Santiso
A Coruña	15080	Sobrado
A Coruña	15084	Tordoia
A Coruña	15087	Valdoviño
A Coruña	15088	Val do Dubra
A Coruña	15089	Vedra
A Coruña	15091	Vilarmaior
A Coruña	15092	Vimianzo
A Coruña	15093	Zas
Lugo	27005	Barreiros



Provincia	Código INE	Concello
Lugo	27008	Bóveda
Lugo	27009	Carballedo
Lugo	27012	Cervantes
Lugo	27016	Chantada
Lugo	27018	Fonsagrada, A
Lugo	27020	Friol
Lugo	27022	Guitiriz
Lugo	27030	Mondoñedo
Lugo	27032	Monterroso
Lugo	27034	Navia de Suarna
Lugo	27040	Palas de Rei
Lugo	27041	Pantón
Lugo	27050	Quiroga
Lugo	27051	Ribadeo
Lugo	27052	Ribas de Sil
Lugo	27055	Samos
Lugo	27058	Saviñao, O
Lugo	27060	Taboada
Lugo	27063	Valadouro, O
Ourense	32001	Allariz
Ourense	32005	Baltar
Ourense	32006	Bande
Ourense	32012	Blancos, Os
Ourense	32013	Boborás
Ourense	32014	Bola, A
Ourense	32015	Bolo, O
Ourense	32016	Calvos de Randín
Ourense	32017	Carballeda de Valdeorras
Ourense	32021	Castrelo do Val
Ourense	32023	Castro Caldelas
Ourense	32024	Celanova
Ourense	32025	Cenlle
Ourense	32026	Coles
Ourense	32028	Cualedro
Ourense	32030	Entrimo
Ourense	32031	Esgos
Ourense	32032	Xinzo de Limia
Ourense	32034	Gudiña, A
Ourense	32035	Irixo, O
Ourense	32036	Xunqueira de Ambía
Ourense	32037	Xunqueira de Espadanedo
Ourense	32038	Larouco
Ourense	32039	Laza
Ourense	32041	Lobeira
Ourense	32042	Lobios
Ourense	32043	Maceda
Ourense	32045	Maside
Ourense	32046	Melón
Ourense	32047	Merca, A



Provincia	Código INE	Concello
Ourense	32048	Mezquita, A
Ourense	32049	Montederramo
Ourense	32050	Monterrei
Ourense	32051	Muíños
Ourense	32052	Nogueira de Ramuín
Ourense	32053	Oímbra
Ourense	32056	Padrenda
Ourense	32058	Pereiro de Aguiar, O
Ourense	32059	Peroxa, A
Ourense	32060	Petín
Ourense	32061	Piñor
Ourense	32066	Quintela de Leirado
Ourense	32067	Rairiz de Veiga
Ourense	32071	Riós
Ourense	32073	Rubiá
Ourense	32076	San Cristovo de Cea
Ourense	32077	Sandiás
Ourense	32079	Taboadela
Ourense	32080	Teixeira, A
Ourense	32083	Veiga, A
Ourense	32084	Verea
Ourense	32086	Viana do Bolo
Ourense	32091	Vilardevós
Pontevedra	36001	Arbo
Pontevedra	36002	Barro
Pontevedra	36007	Campo Lameiro
Pontevedra	36009	Cañiza, A
Pontevedra	36010	Catoira
Pontevedra	36013	Covelo
Pontevedra	36014	Crecente
Pontevedra	36015	Cuntis
Pontevedra	36016	Dozón
Pontevedra	36018	Forcarei
Pontevedra	36019	Fornelos De Montes
Pontevedra	36020	Agolada
Pontevedra	36025	Lama, A
Pontevedra	36027	Meaño
Pontevedra	36028	Meis
Pontevedra	36031	Mondariz-Balneario
Pontevedra	36032	Moraña
Pontevedra	36034	Neves, As
Pontevedra	36036	Oia
Pontevedra	36037	Pazos de Borbén
Pontevedra	36040	Portas
Pontevedra	36043	Ponte Caldelas
Pontevedra	36044	Pontecesures
Pontevedra	36046	Ribadumia
Pontevedra	36047	Rodeiro
Pontevedra	36048	Rosal, O



<b>Provincia</b>	<b>Código INE</b>	<b>Concello</b>
Pontevedra	36052	Silleda
Pontevedra	36053	Soutomaior
Pontevedra	36056	Valga
Pontevedra	36058	Vilaboa
Pontevedra	36059	Vila de Cruces
Pontevedra	36901	Illa de Arousa, A
Pontevedra	36902	Cerdedo-Cotobade



**ANEXO II**  
**CONCELLOS QUE DEBEN REVISAR O PLAN DE ACTUACIÓN MUNICIPAL ANTE O**  
**RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS**

<b>Provincia</b>	<b>Código INE</b>	<b>Concello</b>
A Coruña	15004	Ares
A Coruña	15014	Cabana de Bergantiños
A Coruña	15022	Cedeira
A Coruña	15053	Muros
A Coruña	15069	Pontedeume
A Coruña	15083	Toques
Lugo	27006	Becerreá
Lugo	27015	Cospeito
Lugo	27023	Guntín
Lugo	27024	Incio, O
Lugo	27059	Sober
Ourense	32004	Avión
Ourense	32007	Baños de Molgas
Ourense	32018	Carballada de Avia
Ourense	32027	Cortegada
Ourense	32029	Chandrexa de Queixa
Ourense	32033	Gomesende
Ourense	32044	Manzaneda
Ourense	32063	Pobra de Trives, A
Ourense	32069	Ribadavia
Ourense	32070	San Xoán De Río
Ourense	32089	Vilar de Barrio
Ourense	32092	Vilariño de Conso
Pontevedra	36005	Caldas de Reis
Pontevedra	36030	Mondariz
Pontevedra	36049	Salceda de Caselas



PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA A ELABORACIÓN E IMPLANTACIÓN DE PLANS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA RISCO DE INCENDIOS FORESTAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR460E</b>	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	-------------------------

**DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE**

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

ENTIDADE LOCAL

**ENDEREZO**

CÓDIGO POSTAL  PROVINCIA

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

**IDENTIFICACIÓN**

TIPO  NÚM.  PAÍS EMISOR

NOME  PRIMEIRO APELIDO  SEGUNDO APELIDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

**DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN**

Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO  TELÉFONO MÓBIL  CORREO ELECTRÓNICO

**DATOS BANCARIOS**

Formato IBAN

Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA  NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)  
 IBAN

**DATOS ESPECÍFICOS DO PROCEDEMENTO**

Denominación da actuación	Orzamento (€)	Importe solicitado (€)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>



**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que, en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para o mesmo proxecto e/ou as mesmas actuacións para os que solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para o mesmo proxecto e/ou as mesmas actuacións para os que solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)	SOLICITADA / CONCEDIDA / PAGADA (sinale o que corresponda)

Así mesmo, comprométese a comunicar decontado cantas axudas solicite e/ou obteña doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

2. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
3. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que a entidade solicitante non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Que a entidade solicitante está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA**

- Certificado da persoa secretaria do concello no que faga constar o acordo do órgano competente do municipio polo cal se solicita a achega e se aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, no modelo do anexo IV (artigo 7.1.a).
- Certificado da persoa secretaria do concello no que faga constar a remisión da conta xeral de 2024 ao Consello de Contas, no modelo do anexo IV (artigo 7.1.a).



## INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais inclúiranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, a rectificación, a oposición, a limitación, a portabilidade e a supresión dos seus datos ou retirar, se for o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en ( <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> ).
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	( <a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a> )

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- o ORDE do xx de xx de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras as subvencións a concellos, para a elaboración e implantación de plans de protección civil para risco de incendios forestais de ámbito municipal e se procede a súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento PR460E).

## SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE

Lugar e data

,  de  de



CERTIFICACIÓN

DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

ENTIDADE LOCAL

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

EN CALIDADE DE (CARGO/POSTO QUE DESEMPEÑA)

CERTIFICA

1. Que este concello, mediante  (acordo/decreto/resolución/otros) do/da

(Alcaldía/Xunta de Goberno Local/Pleno/otros) de data

, acordou solicitar

subvención ao abeiro da pola que se establecen as bases reguladoras as subvencións a concellos, para a elaboración e implantación de plans de protección civil para risco de incendios forestais de ámbito municipal e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, cun orzamento total de

€ (IVE incluído, si procede), y aceptó expresamente las condiciones de financiación y los demás requisitos establecidos en la orden.

2. Que con data  este concello remitiu a conta xeral correspondente ao exercicio 2024 ao Consello de Contas de Galicia.

E para que así conste, para os efectos do exixido na citada orde, asino esta certificación

SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

,

de

de





SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

,  de  de

Dirección Xeral de Emerxencias e Interior





**CERTIFICA (continuación)**

2. Que a relación nominal de persoas traballadoras ás que corresponden os gastos incorporados na relación anterior é a que se detalla a continuación:

Datos xerais				Contrato temporal			Registro profesional	
Nome e apelidos da persoa traballadora	DNI/NIE	Grupo de cotización	Clase (artigo 8 TREBEP)	Data inicio	Data fin	% xornada	Data de inscrición	Sección

3. Que, segundo informe da persoa secretaria do concello, na selección e contratación de efectivos se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección do persoal ao servizo das administracións públicas, con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade e consta no expediente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos nestas bases reguladoras para a contratación das persoas traballadoras.

4. Que segundo informe da intervención municipal, se tomou razón na contabilidade, en fase de recoñecemento da obriga, dos gastos correspondentes á execución das actuacións subvencionadas.



SINATURA DA PERSOA QUE CERTIFICA

Lugar e data

,  de  de